Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.</li> <li>- Iniciación á reflexión interlingüística.</li> <li>- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> <li>- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> </ul>

## Contidos

- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O enfoque metodolóxico fixa as estratexias para alcanzar os obxectivos, criterios de avaliación previstos así como a adquisición das competencias por parte do alumnado. Estamos ante unha metodoloxía de carácter competencial - paneuropea- (enunciada así na LOMCE) que executamos co Artigo 11 do decreto 86/2015 ratificada na LOMLOE e que nos ofrece os principios metodolóxicos co fin de establecer o noso propio Marco metodolóxico. Este marco debe concretarse nunha atención inclusiva 'subordinada' non só a aspectos de atención á diversidade do alumnado, tamén ás diversas circunstancias no que o desenvolvemos polo que debemos de ter moi delimitadas as coordenadas de aplicación deste, facendo da flexibilidade e capacidade de adaptación virtude.

O noso alumnado de 1º da ESO, con 11 /12 anos, seguindo a teoría construtivista de Piaget (pensamento xerarquizado até os 11 anos, pensamento crítico a partir dos 16), está nunha etapa de transición cara á adolescencia polo que o noso papel de guías é fundamental para que elas/es sexan protagonistas da súa propia evolución. Así, o papel heurístico das linguas é determinante como motor do pensamento e instrumento de comunicación e interacción social (CPSAA). A CCL, xunto coa STEM, é de especial relevancia na ESO ao permitir interactuar en todos os ámbitos da vida.

Como guías partimos dos coñecementos e experiencias previas incidindo nos novos contidos -aprendizaxe por descubrimento (CPSAA)- a través da actividade que os/as leve a construír a súa propia aprendizaxe significativa: "aprender mentres fago e non mentres penso en facer" - 'learning by doing' (John Pestalozzi). Como orientadores, promotores e facilitadores monotorizamos os espazos didácticos favorecendo os ritmos de aprendizaxe -ensinanza multinivel- de forma activa e participativa, non só no traballo individual, tamén no cooperativo-inclusivo. As Técnicas de Aprendizaxe Colaborativa -TAC-, baixo un enfoque multidisciplinar, constitúen unha estratexia metodolóxica de relevancia para coa atención á diversidade, estilos cognitivos e intelixencias múltiples, pois cada individuo ten unhas necesidades metodolóxicas concretas e mesmo específicas (alumnado NEAE e NEE). O traballo por proxectos: Portalén, Audio Relatos ilustrados ou a Dobraxa, xunto cos retos propostos nas Uds son significativos. O enfoque multidisciplinar permitirá que o alumnado traballe máis dunha competencia desde os máis diversos puntos de vista. Apoiámonos na biblioteca escolar, o EDL e outros departamentos como o de lingua castelá (acordo TIL recollido no PLC), establecendo pautas sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación: terminoloxía, contidos, obxectivos e criterios de avaliación similares, para evitar a repetición de aspectos comúns á aprendizaxe das linguas.

O enfoque inclusivo comprende a motivación óptima: "a condición para aprender é querer"- profesor Coll. As propostas metodolóxicas motivadoras potencian a CPSAA, a autonomía, a liberdade ou o ánimo de mellora e curiosidade (retos).

O papel das TICs é fundamental e a nosa actualización coma docentes básica (CD). Desde o ano 2010 o Proxecto

Abalar transforma a aula tradicional nunha aula dixital unida ao Proxecto E-Dixgal. A comunidade educativa temos á nosa disposición contidos dixitais de: Edebé, Netex, aulaPlaneta -segundo o segundo deles, o que principalmente empregaremos- xunto cun Repositorio cos que elaboramos a nosa 'mochila dixital' de diversos contidos a complementar cos propios. O alumnado dispón dun netbook en cesión de uso que diminúe a fenda dixital (o emprego de contidos descargados no centro non precisa da posterior conexión a internet). Con todo é interesante saber das posibilidades familiares de acceso a internet para evitar posibles discriminacións.

Eva Edixgal funciona nunha forma relativamente semellante á Aula Virtual. Xunto con Webex teñen un papel protagonista como ferramentas complementarias ao proceso de ensino-aprendizaxe, xa non só en casos de confinamento como os vividos, nos que seguimos o Plan de continxencia do centro que fai efectivo o Plan de ensino Virtual, se non para que o alumnado ausente por motivo xustificable poida seguir o devir das clases. A primeira ofrécenos un espazo dixital de traballo e dispor dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas así como a interacción en tempo real nas aulas, compartir contidos e a realización de exercicios. En caso de nos ausentar, coa colaboración do profesor de garda, poderemos deixar tarefas e recursos para visualizar e traballar neses 50 minutos. As actividades semanais e diversos materiais e recursos serán subidos cada sete días por adiantado a Eva Edixgal.

As TICs son recurso metodolóxico imprescindible no desenvolvemento de tarefas e actividades, contribuíndo á gamificación do proceso: aprendizaxe lúdica. A aprendizaxe por tarefas, combinando os máis diversos saberes, responde a unha serie de accións orientadas á resolución dunha situación. Integran actividades relacionadas cos bloques e subordinadas a tres momentos distribuídos temporalmente: iniciación, que nos poden servir para a avaliación inicial por exemplo dunha unidade; desenvolvemento, a partir da construción do alumnado cos alicerces dados polo docente e descubertos por eles/as; reforzo, para asentar a adquisición de diversas competencias a un tempo e o cumprimento satisfactorio dos objetivos e criterios de avaliación; a estrutura máis frecuente dunha xornada na Rede -webex- sería: presentación, contido e peche. A inserción da aprendizaxe lúdica é unha constante, mesmo en tarefas de carácter complementario (principios de ampliación, reforzo e recuperación). Algunhas delas son propostas como Reto para incentivar a iniciativa e desenvolvemento persoal do alumno/a en cuestión (CE). O material de apoio será subido a Eva Edixgal á que tamén poderán acceder as familias, cun relevante papel e coas que manteremos comunicación constante especialmente a través da aplicación Abalar.

#### AGRUPAMENTOS E ESPAZOS

A composición dos grupos variará dependendo da actividade (homoxéneos, heteroxéneos e flexibles), sendo a disposición espacial en hemiciclo a máis frecuente. Combinamos actividades individuais (traballos de aula), en parella (titoría en parella), en grupos reducidos (traballos de aula/campo), ou de gran grupo (excursións), o que repercute na atención á diversidade. En parella, por ex., o alumno/a máis avanzado/a pode inculcar diversos aspectos ó seu compañeiro/a.

O pequeno grupo (4-5 alumnos/as) ten relevancia para a adquisición da responsabilidade individual aumentando a creatividade e a motivación. Cada un ten a súa tarefa e poden rotar en actividades concretas como na portavocía. A orientación e dinamización é básica en tarefas da aula ou proxectos trimestrais acordados co Plan de Educación Dixital do centro. A xustificación do agrupamento é dar cobertura ás necesidades do alumnado e bondades do traballo colaborativo (TAC). Recorrente é a denominada técnica TELI: Traballo en Equipo - Logro Individual.

Controlamos os tempos, polo desenvolvemento xeral da P.D. e pola concentración do alumnado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1. RECURSOS E MATERIAIS TIC / 2. RECURSOS MATERIAIS / 3. RECURSOS PERSOAIS / 4. RECURSOS ORGANIZATIVOS
1. Recursos TIC: webs, blogs, espazos virtuais (aula virtual, abalar, E-Dixgal (plataforma virtual de aprendizaxe), canle youtube), creación de contidos (hotpotatoes), tradución (gaijo); espazos de audio e vídeo (voki, MadLipz), de edición (filmora, amara, audacity...), tratamento de imaxe (Canva, paint); vídeo conferencias (webex) e calquera outro soporte de creación educativa.
2. Recursos materiais: contidos educativos de elaboración propia, fichas, dicionarios, cartaces, vestiario, computador, caderno, portfolio, netbook, libro virtual E-Dixgal ("A miña materia" de escolla entre Edebé, Netex, aulaPlaneta e Pearson), repositorio de contidos educativos dixitais e colaborativos do espazo Abalar, recursos DIXIT (profesorado),



material da biblioteca: libros de lectura, revistas, xornais... Os libros de lectura de carácter obrigatorio serán os seguintes:

'Pel de lobo', de Xosé Miranda. 'Das cousas de Ramón Lamote' de Paco Martín. 'As bruxas' de Roald Dahl. Así mesmo achegárase a listaxe de libros optativos.

3. Recursos persoais (físicos e virtuais): P.T. con atención fóra da aula (directrices do Dpto de Orientación); profesorado doutras materias (Proxecto Gz) conferenciantes (S.X.Pont.), obradoiros (audiovisual), escritoras, ex alumnos/as, pais, nais e persoas que poidan intervir en diversos vídeos.

4. Recursos organizativos referidos aos espazos físicos e a súa disposición: aula ordinaria, biblioteca, salón de actos, aula de música, informática... e aos tempos (uds.). Procuramos non alterar os tipos de agrupamento no espazo virtual. Nas uds os recursos organizativos deben estar moi especificados nas actividades e no ensino virtual con especial antelación e claridade.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. Avaliación Inicial: Ten unha función diagnóstica, permítenos comprobar as competencias previas e adecuar o proceso ás necesidades reais e de contextualización da aula. É prioritario avaliar os recursos e capacidades do alumnado máis cás carencias.

1.1. Ó iniciar o curso:

a) Cos Informes persoais da etapa e información do titor/a; relevancia nos diagnósticos preestablecidos;

b) Realizando un cuestionario e unha proba oral de carácter xenérico observaremos e tomaremos nota de cada alumno/a e das competencias previas adquiridas.

1.2. Ao iniciar o trimestre: A evolución do alumnado no 2º e 3º trimestre determinará as medidas de actuación pertinentes. Presentamos o trimestre e unha pequena recensión do mesmo baixo o paraguas dos tres grandes proxectos trimestrais. Revisión da aplicación de medidas como ACIs.

1.2. Ó iniciar as U.D. e cada sesión destas, mediante coloquio co alumnado, chuvia de ideas, etc. co fin de determinar os coñecementos, competencias e conceptos erróneos.

2. Avaliación procesual ou formativa: paralela á intervención educativa, achega información proactiva, permitindo mellorar aspectos na intervención. Recollemos progresos, dificultades e bloqueos, a través das actividades, observación de prácticas, intervencións, realización e exposición de traballos. Realizámola en cada sesión, cada U.d., cada trimestre e durante o curso.

3. Avaliación sumativa ou final: Realizámola ao final de cada sesión, cada U.d., cada trimestre e ao fin do curso. Ao longo do curso temos tres avaliacións coincidentes coa fin de cada trimestre.

Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe: continua.

Ao final de cada actividade, sesión, U.d. e trimestre avaliamos o proceso e pertinentes modificacións, así como a adecuación da P.d., consecución de obxectivos e competencias, estándares de aprendizaxe, medidas de atención á diversidade aplicadas e recursos (TIC...), seguimento das ACIs... Empregamos indicadores de logro, rúbricas, listas de control e escalas de valoración. Os resultados da avaliación dos procesos de ensinanza e práctica docente serán analizados na CCP. Resultados e observacións do proceso de av. do alumnado consígnanse nas actas de avaliación.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>15</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	40	20	43	5	20	25	25	20	20	20
<b>Táboa de indicadores</b>	60	80	57	95	80	75	75	80	80	80

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	15	25	<b>24</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	85	75	<b>76</b>

#### **Criterios de cualificación:**

Cualificación e avaliación van unidas; a primeira socializa os resultados da aprendizaxe outorgados ao alumnado trimestralmente de forma ordinaria e de ser o caso, de forma final. Para a cualificación contamos cuns criterios con indicadores de logro graduados, rúbricas de cualificación e establecemento duns mínimos para acadar a cualificación positiva.

Como cualificamos? A cualificación emana do nivel de logro acadado nos criterios de avaliación, ponderando a adquisición dos mesmos en forma de porcentaxe para a cualificación da avaliación ordinaria de forma trimestral.

En acordo co Departamento de lingua e Literatura galega:

Criterios de cualificación por niveis:

Acórdanse os seguintes criterios xerais, con pequenas modificacións que poden producirse ao longo do curso en función das circunstancias. No caso de producirse modificacións, estas comunicaranse ao alumnado en tempo e forma.

En 1º ESO:

PROBA ESCRITA (procurarase realizar 2 probas por avaliación). 50%

LECTURA. 10%

ORALIDADE PLANIFICADA 15 %

PROXECTOS 15%

TRABALLO de AULA e DEBERES. 10%

Así mesmo fixamos as datas dos exames a comezos do trimestre e difúndense en EDIXGAL.

Para poder facer media, cómpre acadar un mínimo de 5 na media das probas escritas. A entrega de traballos é obrigatoria para superar a avaliación trimestral. A media da avaliación, para ser considerada aprobada, debe ser dun mínimo de 5.0 redondeo aplicarase a partir de 0'7.

A media final do curso será resultado da seguinte ponderación dos trimestres: 25% 1º trimestre, 35% o segundo e 40% o terceiro. A media faise coa nota trimestral sen redondeo

Recuperacións:

As recuperacións trimestrais do alumnado que non acadou o mínimo esixible na avaliación realizarase ao comezo do seguinte trimestre. No caso da 3ª avaliación, estableceranse medidas de recuperación da materia previamente á finalización do curso e, por tanto, da avaliación 3ª e final.

#### **Criterios de recuperación:**

En caso de que o alumnado non acade o aprobado nas avaliacións trimestrais terá a posibilidade de recuperar a parte da materia mediante as tarefas e probas correspondentes, axeitadas ás particularidades de cada alumna/o e acorde cos mínimos establecidos nesta programación para unha cualificación positiva. No caso de cuestións relacionadas coa oralidade irán nos máis dos casos acompañadas da reprodución previa dun audio. O alumno/a terá, por tanto, a

posibilidade de recuperación parcial da materia ao longo do curso, incluída a do 3º trimestre, que se realizará previamente á sesión de avaliación de xuño (3º e final).

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para o alumnado que ten pendente a superación da materia de 1º ESO pendente remitímonos ao artigo 13.5. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia: «Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso." De acordo co novo calendario aplicable este curso, realizarase a avaliación final de pendentes coincidindo coa terceira avaliación e a final, a partir do 22 de xuño.

Seguirase o seguinte procedemento, de acordo coa lexislación vixente:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo desta materia, destinado á súa recuperación e á súa superación.

2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.

A alumna ou alumno e os seus familiares ou titores legais serán informados polo profesor/a da materia dos contidos do plan de reforzo e, máis concretamente, dos requisitos necesarios para aprobar a materia pendente. Desta información quedará constancia por escrito no departamento.

c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación. Serán os establecidos na PD, coas oportunas modificacións, se for necesario.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento. As estratexias serán distintas ás empregadas habitualmente na aula, xa que a falta de presencialidade na aula obriga a establecer uns mecanismos de seguimento máis ríxidos para que a alumna/o non esqueza dedicarse tamén a esa materia.

e) Recursos. Os recursos materiais para o seu desenvolvemento serán Edixgal e os materiais impresos que a profesora lle forneza ao alumnado.

f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización. O alumnado deberá realizar para a súa preparación as actividades propostas que deberá entregar ao profesor/a do curso no que se atope actualmente para seren corrixidas, ao tempo que poden consultar dúbidas.

g) Seguimento e avaliación. O seguimento deste tipo de alumnado establecerase a través de actividades, traballos, probas e reunións presenciais periódicas na hora de atención ao alumnado e ás familias.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Para a avaliación do alumnado que ten materias pendentes débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior. Polo tanto, o plan de reforzo de materias pendentes deberá elaborarse considerando esas aprendizaxes e competencias non adquiridas.

Para demostrar que adquiriron os mínimos de consecución e as aprendizaxes imprescindibles para superar a materia, realizarase un seguimento trimestral e tres sesións de avaliación parciais, unha por trimestre.

A tal efecto teranse en conta os seguintes aspectos:

- O alumnado pendente deberá superar os mínimos de consecución marcados na programación do curso no que estea suspenso.

A realización das actividades do plan de reforzo en forma e prazo suporá o 40% da nota.

A proba escrita contará o 60%.

A superación da materia nun curso superior, significará o aprobado da materia suspensa no nivel inferior.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade remítenos ao conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás características, necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais do alumnado. Seguimos as liñas mestras marcadas na Atención á Diversidade (Dec. 86/2015), os protocolos e o Plan de atención á diversidade elaborado polo centro -PEC- incorporados nas tarefas e desenvolvemento do curriculum a partir de estratexias sobre aspectos psicomotrices, cognitivos, emocionais e sociais.

Para desenvolver devandita planificación debemos ter en conta o principio de individualización do ensino, respondendo as necesidades educativas de cada alumno/a, sendo a atención á diversidade a máxima que rexe a actividade educativa. A tal efecto, baseámonos nun deseño de aprendizaxe inclusivo e centrado en cada un dos nosos alumnos/as: o Deseño Universal da Aprendizaxe DUA.

A educación inclusiva parte de que o que serve para as persoas diversas tamén serve para quen non teñen esa diversidade, co fin de enriquecérmolos baixo o paraugas da integración, evitando comportamentos disruptivos. Principios de equidade e atención á diversidade nos nosos materiais, principios docentes e procedementos ou as TICs, empregados en beneficio e resposta ás diversas formas individuais de aprendizaxe (intelixencias múltiples).

O éxito da metodoloxía inclusiva depende do contexto para establecer unha valoración do alumnado e saber da diversidade da aula. Valoramos o rendemento na etapa anterior, avaliacións e informes do/a alumno/a (Informe de Avaliación Individualizado...).

Na Av. Inicial coordinada polo titor dánsenos características, circunstancias académicas-persoais, capacidades e competencias. Recollemos a información do Departamento de Orientación, encargado das pautas de Atención á diversidade (referencia PAD) do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) e con NEE aplicando e tendo como base os diversos protocolos oficiais de atención publicados segundo as necesidades detectadas: TDH, TDHA, TEA, dislexia...

Debemos ver a entrevista como un instrumento interesante para a atención individualizada.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - 1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - 2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - 3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - 4. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - 5. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - 1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.	X	X	X	X
ET.2 - 2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.3 - 3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.	X	X	X	X
ET.4 - 4. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregárase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.	X	X	X	X
ET.5 - 5. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X

**Observacións:**

En todas as UDs traballamos algún aspecto (polo menos) de cada un dos ítems transversais, é dicir, son un continuum; a modo de exemplo:

do 1: a igualdade de xénero e a creatividade

do 2: a igualdade entre mulleres e homes

do 3: promoverase a aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza e a igualdade.

do 4: Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

do 5: afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

En definitiva, son uns elementos transversais que traballamos de continuo desde o primeiro día que entramos pola porta da aula. Certo é que en momentos puntuais se tratan ex professo, como a orientación sexual no 1º trimestre (el. tr. 4).

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
PROXECTO PORTALÉN	Investigamos sobre os diversos seres mitolóxicos galegos. Individualmente ou en grupos reducidos temen que elaborar un traballo de investigación sobre o ser mitolóxico escollido. Exporase na aula no mes de decembro	X		
AUDIO RELATOS	Gravamos por grupos reducidos na Nosa radio diversas historias compostas polo alumnado; engadímoslles efectos sonoros na montaxe dos relatos.	X		
MÚSICA E GRAFITOS. RAP E BANDA DESEÑADA	Traballamos a ilustración das historias dos Audio Relatos para as complementar. Así mesmo o xénero lírico virá da man da composición versal do Rap.		X	
DOBRAMOS	Iniciámonos na dobraxe en galego de diversas secuencias cinéticas. Contaremos coa axuda de Gaspar Somoza, profesional de dobraxe na CRTVG.			X

### Observacións:

Entre as actividades complementarias valoramos a opción de visitar o Museo Cabanillas, co gallo de se familiarizar neste primeiro curso co autor que dá nome ao centro.

Os relatos e audio relatos serán obxecto de participación no Concurso polo Samaín no centro. O máis votado participará por segundo ano consecutivo no Certame 'Tíralle da lingua' da ASPG.

Para as ilustracións das historias podemos contar coa presenza do ilustrador Manel Cráneo.

Para a dobraxe traballamos coas ferramentas MADLIPZ e Capcut. Contaremos co asesoramento e formación do profesional da dobraxe Gaspar Somoza (CRTVG).

Continuando coa formación do ano anterior, o alumnado de 1º da ESO volverá ser protagonista na realización dunha curta que poida participar en diversos certames. Este curso contaremos con formación por parte dunha profesional. Así mesmo procuraremos por segundo ano asistir ao Certame Olloboi de curtametraxes.



## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
TEMPORALIZACIÓN
Metodoloxía empregada
EXPLICACIÓN. CONTIDOS
CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS CURRICULARES
Medidas de atención á diversidade
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
Clima de traballo na aula
EXPOSICIÓN
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
ACTIVIDADES

### Descrición:

O profesor autoavaliarase en todo momento e polo miúdo logo de cada U.d.

Que avaliamos? 1) A planificación do proceso de ensino aprendizaxe, a propia P.D. subordinada ao contexto e circunstancias. 2) As aprendizaxes do alumnado a través dos criterios de avaliación, a adquisición das competencias e o logro dos obxectivos 3) A práctica docente, avaliada tamén polo alumnado (rúbrica). 4) Os recursos didácticos usados.

Como avaliar? Atendendo aos referentes que valoran o grao de adquisición das competencias e que son os crit. De av. A tal efecto empregamos procedementos e instrumentos que nos axudan a xestionar aprendizaxes significativas:

- Procedementos: observación directa; seguimento da alumna/o; realización, recolla e medición de tarefas e probas (orais / escritas); diálogo (entrevistas, conversas); autoavaliación...

- Instrumentos: Diarios de clase e de rexistro (fichas individuais); rúbricas; audios, booktubers, escalas e listas de cotexo, porfolio, caderno de clase, traballos e proxectos individuais e grupais...

Cando avaliar? Hai que avaliar constantemente aprendizaxe e ensinanza (inicial, procesual e final).

VALORACIÓNS DE 1 A 4 SENDO 4 O MÁXIMO.

TEMPORALIZACIÓN:

- Son puntual coa chegada e a saída
- Utilizo diferentes recursos para ocupar o tempo
- Controlo o tempo de cada actividade

EXPLICACIÓN. CONTIDOS:

- Coherente e estruturada
- Completa
- Terminoloxía adecuada

- Detalles e anécdotas.

ACTIVIDADES (Proxectos, retos, exercicios...):

Relacionadas co tema

-Sacamos unha aprendizaxe ou son divertidas e dinámicas.

- Variedade.
- Ben explicadas e estruturadas.

EXPOSICIÓN:

- Boa dicción
- Fala con calma e vocaliza.
- Xestos oportunos.
- Movemento natural.

CONCRECIÓN DA ADQUISICIÓN DOS ELEMENTOS CURRICULARES:

- Obxectivos / Criterios de Avaliación / Adquisición de competencias.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. Grao de satisfacción e aplicación de protocolos.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Ao final de cada actividade, sesión, U.d. e trimestre avaliamos o proceso e pertinentes modificacións, así como a adecuación da P.d., consecución de obxectivos e competencias, criterios de avaliación, medidas de atención á diversidade aplicadas e recursos (TIC...), seguimento das ACIs... Empregamos indicadores de logro, rúbricas, listas de control e escalas de valoración. Os resultados da avaliación dos procesos de ensinanza e práctica docente serán analizados na CCP. Resultados e observacións do proceso de av. do alumnado consígnanse nas actas de avaliación. Finalmente, destacar que en todo momento debemos ter a capacidade de mellora, e mesmo se é pertinente de modificación do desenvolvemento da Pd se fose necesario co fin de a mellorar.

## **9. Outros apartados**